

INSCRIPCIÓN E MATRÍCULA NA UNIVERSIDADE

PRAZO DE PREINSCRIPCIÓN NA UNIVERSIDADE

- **Alumnado que non se presentou á ABAU: do 16 ao 30 de xuño** (ata as 14:00 h)
- **Alumnado que superou a ABAU na convocatoria ordinaria de 2023: do 22 ao 30 de xuño** (ata as 14:00 h).

Para poder solicitar praza na universidade desde un Ciclo Superior é necesario ter superados todos os módulos do ciclo (incluída FCT e Proxecto) e pagadas as taxas do depósito de título, polo que **ata o día 26 de xuño** (publicación de notas) **non se pode facer o pago do título.**

PREINSCRIPCIÓN.

1º- Dispoñer do título de técnico/a superior e pagar as taxas do mesmo.

O día 26 de xuño, desde a publicación de notas (9:00 horas), pódese facer o pago de taxas do título .

Pago telemático: accedendo á [pasarela de pago](#) da Axencia tributaria, desde o enlace anterior ou desde a web do CIEFP A Xunqueira ([Códigos e tarifa](#) para cubrir o impreso de liquidación de taxas.)

Unha vez efectuado o pago, hai que **remitir o resguardo de pago** (exemplar para a Administración) en formato pdf, ao correo do Centro cifp.xunqueira@edu.xunta.gal. **Moi importante: no asunto do correo poñer PAGOTITUNI**

Unha vez recibido o correo co xustificante bancario do pago de taxas e indicando no asunto “**PAGOTITUNI**”, o Centro cargará os datos do expediente académico no NERTA. A partires dese momento, xa podedes iniciar a preinscrición á universidade.

2º- Solicitar admisión na universidade (preinscrición), preferentemente a través da aplicación NERTA.

2.1. Acceder ao NERTA

- Se xa dispós dunha conta de usuario/a de anos anteriores, podes acceder con ela e facer a preinscrición no [NERTA](#).

- Se non dispós desta conta, debes solicitala. Podes facelo de dúas maneiras:

a) Entrar en <https://www.edu.xunta.gal/contausuario> e solicitar conta (ver [video](#) cos pasos a seguir). Co usuario/a e contrasinal xa podes entrar na aplicación [NERTA](#) para realizar a preinscrición.

b) Enviando un mail a asc-po@uvigo.es e esperar que che soliciten a conta de usuario/a.

2.2 Solicitar admisión na universidade a través de NERTA.

2.3. No caso de non poder acceder ao NERTA para facer a preinscrición, consultar ao LERD e seguir as súas indicacións. TLF.: 986 801949/ 986 802024 Mail: asc-po@uvigo.es

MATRÍCULA NOS ESTUDOS DE GRAO

A partir do 12 de xullo ou nas seguintes datas de adxudicación (ver [calendario](#))

Toda a información sobre notas de corte, calendario, oferta de prazas e outra información de interese sobre o acceso á universidade están dispoñibles na páxina da [CIUG](#)

Para calquera dúbida consultar ao LERD de Pontevedra.

ÁREA DE SERVIZOS Á COMUNIDADE. ESCOLA DE ENXEÑARÍA FORESTAL

CAMPUS A XUNQUEIRA S/N. 36005 PONTEVEDRA

TLF.: 986 801949/ 986 802024 Mail: asc-po@uvigo.es

Departamento de Información e Orientación Profesional

CIFP A Xunqueira